

ESPECIALIDADE DE TUBA

PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL

Criterios de avaliación

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita



valorar correctamente o seu rendemento.

- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e controlada situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.



Listado de obras orientativas

Para entrar nun curso diferente ao 1º de Grao Elemental interpretaranse tres pezas. As obras que se toquen deberán ser consensuadas con anterioridade co profesor.

Acceso ao 2º curso de Grao Elemental

- Serenata de Diabelli
- Oro de otoño de Pogson
- Coro de Paris y Elena de Gluck

Acceso ao 3º curso de Grao Elemental

- Pequeña Elegía de Cole
- The Sandman de Brahms
- Andante de Gurlitt

Acceso ao 4º curso de Grao Elemental

- Melodía en Tobago de Wastall
- Estudio nº2 de Garnier
- Aria de Gretry

***Nota:** Todas estas pezas están no libro "Aprende tocando el trombón y el bombardino" de Peter Wastall.*